

RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR POLA QUE SE ANUNCIA O PRAZO DE PREINSCRICIÓN E MATRÍCULA DE USUARIOS/AS DAS ESCOLAS INFANTÍS

A Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar anuncia a apertura do prazo para a prescrición e matrícula nas Escolas Infantís de: A Coruña-Monte Alto, A Coruña-Parque de Eirís, Mos-Coto Torrón, Pontevedra-A Parda, Pontevedra-Universidade, Sada, Santiago de Compostela-Tras Parlamento e Vigo-Valadares para o vindeiro curso 2010-2011.

O prazo de preinscrición para novas/os usuarias/os é do 2 de agosto ao 10 de setembro. As instancias recolleranse desde o día que comeza o citado prazo, nos enderezos e horarios que aparecen no Anexo I.

As listas provisionais de admitidos/as e de agarda publicaranse o 17 de setembro. O prazo de reclamacións é de 10 días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación.

As listas definitivas de admitidos/as e de agarda faranse públicas o 4 de outubro.

Tanto os listados provisionais como os definitivos publicaranse no taboleiro de anuncios dos concellos, no do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e na súa páxina web www.igualdadebenestar.org

O prazo de matrícula formalizarase do 5 ao 15 de outubro.

Tal e como consta no RRI das Escolas Infantís, de non formalizar a matrícula no prazo estipulado, decaerá o dereito á praza aínda tendo reserva ou aparecendo na listaxe de admitidos/as.

En Santiago de Compostela, a 7 de xullo de 2010.

Roberto Rodríguez Martínez
Xerente do Consorcio Galego
de Servizos de Igualdade e Benestar

NOTA: este documento é copia do orixinal que está depositado nos arquivos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

ANEXO I- LUGAR DE PREINSCRICIÓN

A CORUÑA-EIRÍS

A CORUÑA-MONTEALTO

Departamento Territorial da Coruña
R/ Enrique Mariñas s/n- Planta baixa
15009 A Coruña
Edif Proa-Matogrande
Teléfono: 981 185750-661460882-Horario: 8:30h a 14:30h

MOS-COTO TORRÓN

Escola Infantil de Mos
Lugar da Porteliña (Petelos)
36416 Mos
Teléfono: 986 337184-628050691-Horario: 7:30h a 14:30h.

PONTEVEDRA A PARDA

PONTEVEDRA UNIVERSIDADE

Delegación Territorial da Xunta de Galicia
R/ Fernández Ladreda, nº. 43-baixo
36003 Pontevedra
Teléfono: 664004525-Horario: de 8:30 a 14:30h

SADA

Departamento Municipal de Xuventude
Avda da Mariña s/n
15160 Sada
Teléfono: 981 926 852-664138090-Horario 9:00h a 15:00h

SANTIAGO DE COMPOSTELA-TRAS PARLAMENTO

Escola infantil de San Roque
Rúa das Rodas, nº. 30
15703 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 528704-608499052- Horario: 9:00h a 16:00h

Escola infantil Polígono do Tambre
R/ das Mulas s/n
Polígono do Tambre-Boisaca
15590 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 528705-634 202 692-Horario: 9:00-16:00 h

VIGO-VALADARES

Edificio Administrativo da Xunta de Galicia
Torre 2-Praza da Estrela
36201 Vigo
Teléfono:671704130- Horario: 8:30h a 14:30h